

Modificacións da P. D. da materia de CONXUNTO

Curso 2019/20

Seguindo o indicado no *R.D. 463/2020*, na *Orde EFP/365/2020* e nas *Instrucións do 27 de abril de 2020*, da *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20*, nos *centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, o **CMUS Profesional de Santiago de Compostela** establece as seguintes modificacións na Programación Didáctica da materia de CONXUNTO para o curso 2019-20:

- **MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Non sofren cambios salvo a excepcionalidade de que no terceiro trimestre aplicaranse só os criterios que fagan referencia ao traballo individual propostos polo profesorado (gravacións individuais de audio e/ou vídeo, escoita de vídeos e audios enviados, xogos interactivos e lúdicos, e calquera outra actividade que o profesorado propoña).

- **MODIFICACIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES**

Participación nos concertos e audicións públicas programadas para o 1º e o 2º trimestre.

- **MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN**

Non sofren modificacións mais alá da adaptación e uso de novas ferramentas necesarias para a observación e o desenvolvemento dos procedementos de maneira non presencial. Neste sentido as ferramentas para a avaliación do 3º trimestre serán as mesmas que as utilizadas neste período docente con cada alumno ou alumna, en todo caso: gravacións de audio e/ou vídeo, correo electrónico, CentrosNet, videochamada e/ou aula virtual. Non se terá en conta a participación e actitude en concertos e audicións públicas planificadas para o 3º trimestre debido á cancelación das mesmas, no seu caso, teranse en conta a actitude e participación nas novas propostas de actividades que o profesorado propoña durante este 3º trimestre: (gravacións de audio e/ou vídeo, escoita de vídeos e

audios enviados, xogos interactivos e lúdicos, e calquera outra actividade que o profesorado propoña). En ningún caso, as actividades propostas no 3º trimestre influirán negativamente na cualificación da materia.

- **MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.**

O criterio de cualificación que fai referencia á interpretación en grupo aplicarase unicamente ás actividades realizadas no 1º e 2º trimestre.

- **MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN NOS CASOS EN QUE A AVALIACIÓN CONTINUA NON É POSIBLE**

Este punto só será aplicable ao alumnado que non puido ser avaliado de xeito continuo no 1º e 2º trimestre do curso e que neste 3º trimestre segue a non ser posible a súa avaliación continua.

Da proba indicada na Programación Didáctica elimínase a terceira parte correspondente á interpretación dentro da agrupación por imposibilidade de ser realizada nas circunstancias actuais. As outras dúas probas realizaranse preferentemente por gravación ou videochamada.

Na convocatoria de dita proba indícarase a ferramenta utilizada e especificarase con moita claridade o que ten que preparar, tocar e/ou gravar o alumnado.

As modificacións dos criterios de avaliación e dos mínimos esixibles indicados anteriormente tamén afectan a esta proba.

Isto é aplicable a todos os curso de Grao Profesional.